

## Anexo II

Esta ficha pode ser empregada polos/as titores/as que o consideren preciso, como mecanismo para dispoñer dunha información ampla do alumnado que titoriza.

En todo caso, cubrir a ficha é unha acción voluntaria por parte do alumnado que deberá asinar o seu consentimento para empregar a información aportada na mesma de forma exclusiva polo/a titor/a e unicamente no ámbito da titoría. Non poderá polo tanto facerse pública mediante ningunha canle.

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos ou «RXPD») e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámolo/a de que os datos que o alumnado facilite no marco deste plan de orientación ao alumnado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo PAT-ANEAE, trátanse baixo a responsabilidade da escola, coa finalidade de ofrecer unha orientación axeitada e atender as súas necesidades específicas de apoio educativo, e ampararanse pola lei (norma de dereito da UE ou norma con rango de lei).

Coa participación neste plan, as persoas interesadas autorizan á escola de Enfermería de Pontevedra, adscrita á Uiverisdade de Vigo, para que publiquen os seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza deste plan. O alumnado ten dereito a solicitarlle á persoa responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Non obstante, e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, a dita circunstancia deberá comunicarlle a persoa afectada coa maior celeridade posible á persoa que actúa como o enlace de igualdade da escola e coordinadora do PAT-AENAE. Estes datos trátanse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e conservaranse durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da citada finalidade e do tratamento dos datos.

O alumnado ten dereito a solicitarlle á persoa responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Os devanditos dereitos poderá exercelos mediante unha solicitude na Secretaría da escola (secenfpo@uvigo.es) e de non ser atendida pode ser presentada a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (sede.uvigo.gal/) es seguir as vías establecidas no seu procedemento

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL: FICHA INICIAL DE DETECCIÓN DE NECESIDADES (cubrir esta ficha é VOLUNTARIO))			
Centro		Ano académico	20__ / __
<b>DATOS PERSOAIS DO ALUMNO/A</b>			
Apelidos e nome			
Curso e titulación			
Teléfono/enderezo electrónico			
Lugar de nacemento			
Data de nacemento			
Alumnado en programa de necesidades especiais ou específicas (deportistas alto rendemento)	Si		Non
Domicilio			
Motivación para elixir a titulación			
Actividades do seu interese			
<b>CONTEXTO DE ESTUDO E TRABALLO</b>			
Posibilidades de asistencia á clase			
Tempo potencial para o estudo diario			
Forma de tratar o estudo diario (organización en grupo ou individual, como resolve dúbidas etc.)			
Considera importante acudir ás titorías das materias? Emprégaas?			
<b>TRAXECTORIA ACADÉMICA</b>			
Estudos realizados para acceder a esta titulación			
Outros estudos ou formación complementaria			
Gustaríalle ampliar a súa formación? En que temas está interesado/a?			

(.....Nome e Apelidos do alumno/a), autorizo a meu titor/a a empregar esta información de forma exclusiva no ámbito da titoría e a fin de cumprir estrictamente cos obxectivos descritos no Plan de acción tutorial.

Data

Sinatura do/a Alumno/a